



# Folla informativa

## ASOCIACIÓN VECIÑOS DE AMORÍN

[avdamorin@gmail.com](mailto:avdamorin@gmail.com)

DATA: XULLO 2010

NÚMERO: 16

[www.damorin.es](http://www.damorin.es)

### XUNTANZA DA FEDERACIÓN



O pasado 19 de xuño, a **Federación de Asociacións Terra Miño** organizou unha xuntanza en Pinzás. A paraxe realmente fermosa, a tranquilidade do lugar e o ambiente familiar, conseguiron que as familias que participaron, pasaran un día realmente agradable.

Participaron as asociacións de Currás, Carregal, Amorín, Taborda, Vilachán, Pinzás, Sobrada e Barrantes.

Despois de xantar, fixéronse xogos nos que participaron grandes e pequenos. Carreiras de sacos, salto de corda, zancos, rá, ...

Ao remate, todos poideron asistir a un partido da última xornada de liga de baloncesto á cabalo. Un deporte realmente espectacular.

Xa podedes mirar as fotos, na web

<http://picasaweb.google.com/avdamorin/XUNTANZAFEDERACIONTERRAMINO#>

### ROMERÍA A SAN BENITO EN GONDOMAR



O próximo domingo, día 11 de xullo, é día de San Benito. Por iso decidimos ir en romería ata Gondomar.

Sairemos á pé de diante da igrexa de Amorín, as 7 da mañán. Os que queiran participar, só teñen que aparecer a esa hora, con calzado axeitado.

Calculamos facelo camiño en 4 horas. Se alguén quere levar a comida e comer por ahí, podemos xuntarnos para xantar xuntos.

Os que queiran ir a pé e non quedar, podemos organizar os coches, para volver xuntos.

## CONCERTO DE PATRICIA REJAS



Noraboa a todas as persoas que asistiron en Amorín, ao concerto de forte piano de Patricia Rejas, o pasado sábado 12 de xuño.

Non é unha música de masas, que poidamos escoitar en calquera momento, ou en calquer lugar. Por iso foi un feito destacable na historia da nosa asociación, poder traer a esta profesora, para que a súa música soara en Amorín.

Honrounos coa súa presenza a Alcadesa Dona Sandra González, que comentou ao remate: *“É un luxo para o concello de Tomiño, asistir a concertos coma este, sen ter que pagar e sen ter que desplazarse a lugares coma Vigo”*.

## PARQUE INFANTIL DO ALTO DA PITA



A obra do parque infantil, iniciada polo Concello, no Alto da Pita, no barrio da Rotea, comenzo a principios de curso. Era de esperar que, chegado o verán e ao rematar as clases no colexio, os rapaces terían o parque listo, para poder xogar. Pero os meses pasan e as obras, paradas, non parecen ter continuidade. Os rapaces miran as silvas que crecen onde deberían estar xogando...

## ANDAINAS 2010



Continuamos coas nosas andainas cada sábado. Saímos de diante da igrexa, ás 9 da tarde, para percorrer os camiños e coñecer a nosa parroquia.

## FOGUEIRA SAN XOAN



A noite do 23, acudimos á sardiñada que organizou a Comisión de Festas de San Xoán. O pan e as sardiñas, estaban moi bos. As doce da noite, prenderon lume á espectacular fogueira.

## ANUNCIOS VARIOS

Todos os domingos temos a disposición de quen o necesite, a **cita médica**, de 11 a 12 da mañán.

A enfermeira **Ana Fonterosa**, tomará vacacións, coma o ano pasado, e voltará no mes de setembro para a toma de tensión.

A posibilidade de presentar **reclamacións á Fenosa**, a través da Asociación Veciños de Amorín, remata este mes de Xullo.

**No mes de agosto, o boletín informativo da Asociación, tomará un descanso vacacional. Vémonos en setembro.**